

LITERATURA UNIVERSAL

1. A traxedia grega (Esquilo, Sófocles, Eurípides). [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre os contos/relatos medievais que leu, explicando a súa estrutura, narrador, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos].
3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia e trascendencia da obra que elixise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]
4. Case estes datos para obter dez textos breves [1 punto]:

| AUTOR/A | PAÍS DE NACEMENTO | OBRA | XÉNERO, TEMA, PERSONAXES |
|------------------|-------------------|----------------------------------|---|
| William Faulkner | Rusia | <i>Por quen dobran as campás</i> | Reflexión filosófica. Un dos seus temas é a felicidade que proporciona a necidade |
| E. de Rotterdam | Gran Bretaña | <i>O cadro de Dorian Gray</i> | Vicisitudes de multitude de personaxes ao longo de cincuenta anos |
| Ernest Hemingway | Irlanda | <i>Fin de viaxe</i> | Narra a decadencia dunha familia ao longo de catro xeracións |
| Óscar Wilde | Holanda | <i>O caderno dourado</i> | Historia dunha vella familia sureña, os Compson |
| Virginia Woolf | E.U.A. | <i>Eloxio da loucura</i> | Novela protagonizada por Leopold Bloom |
| Doris Lessing | E.U.A | <i>A peste</i> | España, guerra civil |
| Albert Camus | Gran Bretaña | <i>Ulises</i> | Novela ambientada en Orán |
| James Joyce | Irlanda | <i>Guerra e Paz</i> | Mensaxe feminista, antibélica e antiestalinista |
| Thomas Mann | Francia | <i>Os Buddernbrook</i> | Sátira social protagonizada por Xlarissa Dalloway |
| L. Tolstoi | Alemania | <i>O ruído e a furia</i> | Novela gótica con influencias do <i>Fausto</i> |

LITERATURA UNIVERSAL

1. La tragedia griega (Esquilo, Sófocles, Eurípides). [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre los cuentos/relatos medievales que haya leído, explicando su estructura, narrador, personajes, tiempos, espacios y estilo. Anote ejemplos concretos de los textos. [3 puntos].
3. Redacte su opinión personal y razonada sobre la importancia y trascendencia de la obra que haya elegido como lectura del bloque 2 (desde la segunda mitad del siglo XIX hasta la actualidad). [3 puntos]
4. Escriba diez textos literarios breves combinando todos estos datos [1 punto]:

| AUTOR/A | PAÍS DE NACIMIENTO | OBRA | GÉNERO, TEMA, PERSONAJES |
|------------------|--------------------|--------------------------------------|---|
| William Faulkner | Rusia | <i>Por quién doblan las campanas</i> | Reflexión filosófica. Uno de sus temas es la felicidad que proporciona la necesidad |
| E. de Rotterdam | Gran Bretaña | <i>El retrato de Dorian Gray</i> | Vicisitudes de multitud de personajes a lo largo de medio siglo |
| Ernest Hemingway | Irlanda | <i>Fin de viaje</i> | Narra la decadencia de una familia a lo largo de cuatro generaciones |
| Óscar Wilde | Holanda | <i>El cuaderno dorado</i> | Historia de una vieja familia sureña, los Compson |
| Virginia Woolf | E.U.A. | <i>Elogio de la locura</i> | Novela protagonizada por Leopold Bloom |
| Doris Lessing | E.U.A | <i>La peste</i> | España, guerra civil |
| Albert Camus | Gran Bretaña | <i>Ulises</i> | Novela ambientada en Orán |
| James Joyce | Irlanda | <i>Guerra y Paz</i> | Mensaje feminista, antibélico y antiestalinista |
| Thomas Mann | Francia | <i>Los Buddenbrook</i> | Sátira social protagonizada por Xlarissa Dalloway |
| L. Tolstoi | Alemania | <i>El sonido y la furia</i> | Novela gótica con influencias de <i>Fausto</i> |

LITERATURA UNIVERSAL. CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2022

1. A traxedia grega (Esquilo, Sófocles, Eurípides). [3 puntos]

Débase explicar brevemente o nacemento da traxedia en Grecia, a súa función e algúns dos rasgos máis importantes do xénero según Aristóteles.

Darase conta da relevancia do coro e dos elementos rituais máis significativos na representación, como as máscaras e o vestiario .

Debe aludirse á estrutura da traxedia (*prólogo, párodos, episodios, estásimos, éxodo*) e aos conflitos máis relevantes que se abordan nela.

Será obrigatorio mencionar as obras representativas dos tres autores sobre os que se pregunta e explicar as características concretas dalgunha delas.

2. Escriba aproximadamente un folio sobre os contos/relatos medievais que leu, explicando a súa estrutura, narrador, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos].

Débase explicar a estrutura da obra, a relevancia do narrador/es, a tipoloxía dos personaxes e as características máis relevantes no cronotopo e do estilo dos contos/relatos medievais de Chaucer (*Contos de Canterbury*) ou Boccaccio (*Decameron*), fundamentalmente, aínda que tamén sería aceptable unha análise dos *Isopetes* ou dos *Lais* de María de Bretaña.

Non é avaliable a consideración de obras doutras épocas (Renacemento, Barroco...) nin doutros xéneros (épica, teatro, lírica...).

3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia e trascendencia da obra que elixise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con **argumentos literarios**, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

Lémbrese que, tal e como consta nos obxectivos da materia, “Tendo en conta que a literatura galega e a española e hispanoamericana son obxecto de estudo nas respectivas materias do bacharelato, exclúese aquí o seu estudo”.

En todas as preguntas é necesario demostrar corrección lingüística e ortográfica. As faltas de ortografía, de acentuación, de puntuación e de expresión baixarán a nota final do exame.

Debe recordarse que este é un exame de LITERATURA. O estudo da literatura debe centrarse no texto: análise das accións que se perfilan cos temas e motivos dos mesmos, personaxes, tempos, espazos, estilos... nunhas determinadas coordenadas e contextos (autorais, culturais e estéticos) e cun determinado fin. Non será avaliable, pois, **o resumo** das obras nin as **digresións** persoais.